

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	2018/2019	6	187	187

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PILAR ARES FONDEVILA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo O XOGO INFANTIL E A SÚA METODOLOXÍA pertencente ao Ciclo formativo de grao superior de Educación Infantil; tomado como referencia o Decreto 226/2008 polo que se establece o título de Técnico Superior en Educación Infantil e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

Perfil profesional do título: O perfil profesional do título de técnico superior en educación infantil determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de Competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral: A competencia xeral deste título consiste en deseñar, pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros en colaboración con profesionais e coas familias.

Competencias profesionais, persoais e sociais: As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

- a) Programar a intervención educativa e de atención social á infancia a partir das directrices do programa da institución e das características individuais, do grupo e do contexto.
- b) Organizar os recursos para o desenvolvemento da actividade respondendo ás necesidades e ás características dos nenos e das nenas.
- c) Desenvolver as actividades programadas empregando as estratexias metodolóxicas e os recursos apropiados, e creando un clima de confianza.
- d) Deseñar e aplicar estratexias de actuación coas familias, no marco das finalidades e os procedementos da institución, para mellorar o proceso de intervención.
- e) Responder ás necesidades dos cativos e das cativas, así como das familias que requiran a participación de profesionais ou servizos, utilizando os recursos e os procedementos axeitados.
- f) Actuar ante continxencias relativas ás persoas, aos recursos ou ao medio, transmitindo seguridade e confianza, e aplicando, de ser o caso, os protocolos de actuación establecidos.
- g) Avaliar o proceso de intervención e os resultados obtidos, elaborar e xestionar a documentación asociada ao proceso, e transmitir a información co fin de mellorar a calidade do servizo.
- h) Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida.
- i) Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e na realización de actividades, con respecto polas liñas pedagóxicas e de actuación da institución en que se desenvolva a actividade.
- j) Manter relacións fluídas cos nenos e as nenas, coas súas familias, cos membros do seu grupo e con outro persoal profesional, amosando habilidades sociais e capacidade de xestión da diversidade cultural, e achegar solucións para os conflitos que se presenten.
- k) Xerar contornos seguros, respectando a normativa e os protocolos de seguridade na planificación e no desenvolvemento das actividades.
- l) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- m) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.
- n) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando o estudo da viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- o) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

Asociado á unidade de competencia:

UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros



profesionais.

UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de cativos e cativas.

UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.

UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.

UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.

UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.

UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O modelo lúdico na intervención educativa	Análise do modelo lúdico na intervención educativa	24	10
2	Planificación de actividades lúdicas	Planificación e análise das actividades lúdicas	27	15
3	Determinación de recursos lúdicos: os xoguetes	Características dos xoguetes	24	15
4	Xogo, xoguetes e integración social	Adaptación de xogos e xoguetes	25	15
5	Os espazos como recursos educativos	Análise dos recursos lúdicos	27	15
6	Avaliación de actividades lúdicas	Características dos instrumentos de avaliación	27	15
7	Planificación de proxectos lúdicos	Deseño de diversos programas lúdicos	33	15



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O modelo lúdico na intervención educativa	24

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características do xogo nos nenos e nas nenas.
CA1.2 Analízase a evolución e a importancia do xogo durante o desenvolvemento infantil.
CA1.3 Valorouse a importancia de incorporar aspectos lúdicos no proceso de ensino e aprendizaxe.
CA1.4 Establecéronse similitudes e diferenzas entre as teorías do xogo.
CA1.5 Relacionouse o xogo coas dimensións do desenvolvemento infantil.
CA1.6 Recoñeceuse a importancia do xogo como factor de integración, adaptación social, igualdade e convivencia.
CA1.7 Analizáronse as técnicas e os recursos do xogo: cesto dos tesouros e xogo heurístico.
CA1.8 Analizáronse proxectos que utilicen o xogo como eixe de intervención, no ámbito formal e non formal.
CA1.9 Incorporáronse elementos lúdicos na intervención educativa.
CA1.10 Valorouse a importancia do xogo no desenvolvemento infantil e como eixe metodolóxico da intervención educativa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Xogo e desenvolvemento infantil.
Xogo e dimensións afectiva, social, cognitiva, sensorial e motora.
Teorías do xogo: tipos e clases.
Xogo e aprendizaxe escolar.
Xogo e integración social: diversidade.
Modelo lúdico: características.
Análise das técnicas e dos recursos do modelo lúdico. O cesto dos tesouros e o xogo heurístico.
Toma de conciencia da importancia do xogo no desenvolvemento infantil.
Valoración do xogo na intervención educativa.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Planificación de actividades lúdicas	27

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Tívoise en conta o momento evolutivo no deseño das actividades lúdicas.
CA3.2 Enumeráronse e clasificáronse actividades lúdicas atendendo a criterios como as idades, os espazos, o papel do persoal técnico, o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios.
CA3.3 Tivéronse en conta as características e o nivel de desenvolvemento dos pequenos e das pequenas para a programación de actividades lúdico-recreativas.
CA3.4 Compiláronse xogos tradicionais relacionados coa idade.
CA3.5 Analizáronse os elementos da planificación de actividades lúdicas.
CA3.6 Relacionouse o significado dos xogos máis frecuentes na etapa infantil coas capacidades que desenvolven.
CA3.7 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
CA3.8 Valorouse a actitude do persoal profesional con respecto ao tipo de intervención.

4.2.e) Contidos

Contidos
Valoración do xogo na intervención educativa.
Xustificación do xogo como recurso educativo.
Proceso de análise de persoas destinatarias.
Elementos da planificación de actividades lúdicas.
Materiais e recursos lúdicos utilizados nos xogos escolares e extraescolares.
Clasificación dos xogos: tipos e finalidade.
Compilación de xogos tradicionais e actuais da comunidade.
Selección de xogos para espazos pechados e abertos.
Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xogos e nos xoguetes infantís.
Influencia dos papeis sociais nos xogos.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Determinación de recursos lúdicos: os xoguetes	24

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse tipos de xoguetes, as súas características, a súa función e as capacidades que contribúen a desenvolver o proceso evolutivo dos nenos e das nenas.
CA4.2 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
CA4.3 Elaborouse un catálogo de xoguetes infantís acaídos para a idade.
CA4.4 Compiláronse xoguetes tradicionais en relación coa idade.
CA4.5 Identificáronse xoguetes para espazos pechados e abertos adecuados á idade.
CA4.6 Enumeráronse e clasificáronse xoguetes atendendo a criterios de idade, espazo de realización, papel do persoal educador, número de participantes, capacidades que desenvolven, relacións que se establecen e materiais necesarios.
CA4.7 Analizouse a necesidade das adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas.
CA4.8 Establecéronse criterios para a disposición, a utilización e a conservación de materiais lúdicos.
CA4.9 Analizouse a lexislación en materia de uso e seguridade de xoguetes.
CA4.10 Recoñeceuse a necesidade da adecuación ás condicións de seguridade dos xoguetes infantís.

4.3.e) Contidos

Contidos
Funcións do xoguete.
Influencia dos papeis sociais nos xoguetes.
Lexislación sobre xoguetes: identificación e interpretación de normas de seguridade e calidade.
Clasificación dos xoguetes: criterios
Creatividade e xoguetes.
Selección de xoguetes para diversos espazos.
Disposición, utilización e conservación dos materiais e dos xoguetes.
Organización dos recursos e dos materiais.
Adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas
Recurso lúdico: xeración e renovación.



Contidos

Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xoguetes infantís.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xogo, xoguetes e integración social	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	NO
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	NO
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	NO
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información na planificación de proxectos lúdico-recreativos.
CA2.10 Adapto un proxecto tipo de intervención lúdico-recreativa para un programa, para un centro ou para unha institución concretos.
CA4.6 Enumeráronse e clasificáronse xoguetes atendendo a criterios de idade, espazo de realización, papel do persoal educador, número de participantes, capacidades que desenvolven, relacións que se establecen e materiais necesarios.
CA4.7 Analizouse a necesidade das adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas.
CA4.10 Recoñeceuse a necesidade da adecuación ás condicións de seguridade dos xoguetes infantís.
CA5.8 Valorouse a importancia de xerar contornos seguros.
CA6.7 Identificáronse as adaptacións requiridas polo xogo nun suposto práctico de observación de actividade lúdica.

4.4.e) Contidos

Contidos
Xogo e integración social: diversidade.
Adaptacións nos recursos e nas axudas técnicas referidas ao xogo.
Espazos lúdicos interiores e exteriores. Necesidades infantís.
Adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas
Promoción de igualdade a partir do xogo.
Valoración do xogo como recurso para a integración e a convivencia.
Novas tecnoloxías como fonte de información.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os espazos como recursos educativos	27

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Tívoise en conta a adecuación das actividades para os obxectivos establecidos na súa posta en práctica.
CA5.2 Xustificouse a necesidade de diversidade no desenvolvemento de actividades lúdicas.
CA5.3 Organizáronse os espazos, os recursos e os materiais tendo en conta as características evolutivas das persoas destinatarias, en función das súas idades e consonte os obxectivos previstos.
CA5.4 Estableceuse unha distribución temporal das actividades en función da idade das persoas destinatarias.
CA5.5 Identifícaronse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.
CA5.6 Realizáronse xoguetes con materiais adecuados á etapa.
CA5.7 Realizáronse as actividades lúdico-recreativa axustándose á planificación temporal.
CA5.8 Valorouse a importancia de xerar contornos seguros.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise das técnicas e dos recursos do modelo lúdico. O cesto dos tesouros e o xogo heurístico.
Actividades lúdicas extraescolares, de lecer e tempo libre, e de animación infantil.
Aplicación da programación ás actividades lúdicas.
Materiais lúdicos e xoguetes: elaboración.
Preparación e desenvolvemento de festas infantís, saídas extraescolares, campamentos, obradoiros, e proxectos lúdicos e recreativos.
Aspectos organizativos e lexislativos.
Intervención do persoal profesional da educación infantil no xogo dos nenos e das nenas.
Análise de estratexias para favorecer situacións lúdicas.
Promoción de igualdade a partir do xogo.
Valoración do xogo como recurso para a integración e a convivencia.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Avaliación de actividades lúdicas	27

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse as condicións e os métodos necesarios para realizar unha avaliación da actividade lúdica.
CA6.2 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.3 Aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación a distintas situacións lúdicas, tendo en conta criterios de fiabilidade, validez, utilidade e pragmatismo para as persoas usuarias da información.
CA6.4 Elixíuse e aplicouse a técnica acaída segundo a finalidade do rexistro.
CA6.5 Extraéronse as conclusións e explicáronse as consecuencias derivadas, para o axuste ou para a modificación do proxecto.
CA6.6 Valorouse o uso das novas tecnoloxías como fonte de información.
CA6.7 Identifícaronse as adaptacións requiridas polo xogo nun suposto práctico de observación de actividade lúdica.

4.6.e) Contidos

Contidos
Observación no xogo: instrumentos de observación.
Valoración da importancia da observación do xogo na etapa infantil.
Identificación dos requisitos para realizar a observación nun contexto lúdico-recreativo.
Elección e elaboración dos instrumentos de observación segundo o tipo de observación e os aspectos relacionados co xogo en calquera contexto.
Novas tecnoloxías como fonte de información.
Predisposición á autoavaliación.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Planificación de proxectos lúdicos	33

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os principios, os obxectivos e as modalidades da animación infantil.
CA2.2 Identifícanse os tipos de centros que ofrecen actividades de xogo infantil.
CA2.3 Analízase a lexislación, as características, os requisitos mínimos de funcionamento, as funcións e o persoal.
CA2.4 Identifícanse as características e as prestacións do servizo ou do equipamento lúdico.
CA2.5 Aplicáronse os elementos da programación no deseño do proxecto lúdico.
CA2.6 Establecéronse espazos de xogo tendo en conta o tipo de institución, os obxectivos previstos, as características dos cativos e das cativas, os materiais de que se dispoña, o orzamento e o tipo de actividade para realizar neles.
CA2.7 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información na planificación de proxectos lúdico-recreativos.
CA2.8 Definíronse os criterios de selección dos materiais e das actividades para realizar, de organización e recollida de materiais, das técnicas de avaliación e dos elementos de seguridade nos lugares de xogos.
CA2.9 Tívoe en conta a xestión e a organización de recursos humanos e materiais no deseño do proxecto lúdico.
CA2.10 Adaptoe un proxecto tipo de intervención lúdico-recreativa para un programa, para un centro ou para unha institución concretos.
CA2.11 Valórouse a importancia de xerar contornos seguros.

4.7.e) Contidos

Contidos
Animación como actividade socioeducativa na infancia.
Identificación e selección de técnicas e recursos lúdicos.
Planificación, deseño e organización de recunchos e zonas de xogo interiores e exteriores.
Adaptacións nos recursos e nas axudas técnicas referidas ao xogo.
Uso das novas tecnoloxías na planificación de proxectos lúdico-recreativos.
Obxectivos e modalidades da animación infantil.
Elementos da planificación de proxectos lúdicos.
Espazos lúdicos interiores e exteriores. Necesidades infantís.
Análise dos espazos lúdicos e recreativos das zonas urbanas e rurais.



Contidos

Sectores produtivos de oferta lúdica.

Ludotecas.

Outros servizos lúdicos: espazos de xogos en grandes almacéns, aeroportos, hoteis, centros hospitalarios, etc.

Medidas de seguridade nos espazos lúdicos e recreativos.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Criterios mínimos de avaliación:

U.Didáctica. 1

Identificáronse as características do xogo dos nenos/as

Establecéronse similitudes e diferenzas das teorías de xogo

Valorouse a importancia do xogo no desenvolvemento infantil e como eixe metodolóxico da intervención educativa

U.Didáctica. 2

Definíronse os criterios de selección dos materiais e das actividades para realizar, das técnicas de avaliación e dos elementos de seguridade nos lugares de xogo

Enumeráronse e clasificáronse xoguetes atendendo a criterios como as idades, os espazos o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios

Enumeráronse e clasificáronse actividades lúdicas atendendo a criterios como as idades, os espazos o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios

Tívoise en conta o momento evolutivo no deseño das actividades lúdicas

U.Didáctica 3

Análistanse tipos de xoguetes, as súas características, as súas funcións e capacidades que desenvolve nos nenos/as

Elaborouse un catálogo de xoguetes infantís acaídos para a idade

Realizáronse xoguetes con materiais adecuados a etapa evolutiva

Recoñeuse a necesidade da adecuación ás condicións de seguridade dos xoguetes infantís.

U.Didáctica 4

Analizouse as necesidades de adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas

Xustificouse a necesidade de diversidade no desenvolvemento das actividades lúdicas

Valorouse o uso das novas tecnoloxías como fonte de información

U.Didáctica 5

Organizáronse os espazos, os recursos, tendo en conta as características evolutivas das persoas destinatarias, consonte os obxectivos previstos

Identificáronse xoguetes para espazos pechados e abertos adecuados a idade

Analizouse a lexislación da ludoteca da Comunidade Autónoma de Galicia

U.Didáctica 6

Identificáronse as condicións e os métodos necesarios para realizar unha avaliación da actividade lúdica

Aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación a distintas situacións lúdicas, tendo en conta criterios de fiabilidade, validez, utilidade e pragmatismo para as persoas usuarias da información.

Seleccionáronse os indicadores de avaliación

U.Didáctica 7

Identificáronse os tipos de centros que ofrecen actividades de xogo de xogo infantil.

Adaptouse un proxecto tipo de intervención lúdico-recreativa para un programa, para un centro ou para unha institución concreta.

Aplicáronse os elementos da programación no deseño do proxecto lúdico

Tívoise en conta a adecuación das actividades para os obxectivos establecidos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN ORDINARIA:

O comenzo do curso farase una avaliación inicial, que se desenvolverá mediante un cuestionario, relacionados cos contidos do módulo, e que servirán para que os alumnos/as poñan de manifesto os coñecementos sobre os mesmos, establecendo deste xeito o punto de partida do proceso de ensino aprendizaxe de cada unidade.

Realizarán tres probas teóricas, unha por cada avaliación, si non superan algunha proba con un mínimo de 5 puntos, o alumno/a irá con esa parte non superada a unha proba de recuperación no 3º trimestre. Poderase realizar algunha outra proba teórica ao longo de cada avaliación, si se considera necesario.

Contidos conceptuais: suporán un 50 % da cualificación do módulo. As probas serán escritas e/ou orais. No caso de ter varias probas teóricas, será a media aritmética das cualificacións superadas, a que nos dará a cualificación final neste apartado.

Procedementos: suporán un 35% da cualificación do módulo. Serán as actividades, traballos, casos prácticos e actividades individuais e/ou en grupo e que deberán ser entregados no tempo e forma acordado, salvo causa debidamente xustificada, de non ser así obterase un "non presentado" o que suporá que esta actividade terá cualificación negativa e fará media para a cualificación final. Serán avaliadas por escalas de valoración. Si hay varias cualificacións dos traballos, farase unha media de todos.

Actitudes: Suporán un 15 % da cualificación final do módulo. A puntuación obterase mediante unha escala de avaliación, que se valorará trimestralmente en cada avaliación.

Os alumnos/as terán que alcanzar unha nota mínima de 5 en todos os criterios de avaliación (conceptos, procedementos e actitudes) para superar cada avaliación.

A cualificación final do módulo será a media das tres avaliacións.

Si a cualificación do alumno é por ex. un 5.5, a nota será un 5, si supera en decimais o 5.5 será un 6.

Non se fai media con suspensos

AVALIACION EXTRAORDINARIA: os alumnos/as con PD terán unha proba extraordinaria dos contidos de todo o módulo prevista e deseñada para tal fin, e considerase superada cando obteñan unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá nunha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente



A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

O seguimento da programación farásese a través da plataforma e entregarásese a xefatura de departamento mensualmente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario



como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a Escolas infantís en Santiago
Visita a biblioteca municipal Anxel Casal
Visita a Mupega
Visita a unha ludoteca
Visita ao museo MELGA de Ponteceso
Visita a unha aula de actividades lúdica dos Tilos

10. Outros apartados

10.1) Procedemento para a proba extraordinaria de xuño

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

10.2) Procedemento para a perda de avaliación continua

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % de faltas non xustificadas e o 5% de faltas xustificadas según o R.R.I. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que



impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias a e un 5% de faltas xustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen o 6%, comunicárase o 1º apercibemento ao alumno/a.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.